


GAÑADOR XI EDICIÓN PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL**Xosé Antonio Neira Cruz**

Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) é xornalista, escritor e profesor de Xornalismo no Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Licenciado en Ciencias da Información e en Filoloxía Italiana, é doutor en Ciencias da Comunicación (2001) e doutor en Filoloxía Italiana (2015) pola Universidade de Santiago de Compostela, e Máster en Dereito Premial pola UNED (2013).

Ademais das súas publicacións de índole científica, escribiu máis de 30 obras de creación literaria, polas que recibiu distincións e premios nacionais e internacionais, como o Premio Merlín (en dúas ocasións), o Barco de Vapor (en dúas ocasións), a Raíña Lupa da Deputación da Coruña, o Barriga Verde e Manuel María de teatro (da Axencia Galega deas Industrias Culturais AGADIC), o Fiz Vergara Vilariño de poesía do Concello de Sarria, o White Ravens da Internationale Jugendbibliothek

de Munich (en tres ocasións), mención na IBBY Nonour List, mención en Los Mejores del Banco del Libro de Venezuela ou o Premio ao mellor libro estranxeiro publicado no Brasil en 2008, da Fundacao Nacional do Livro Infantil e Juvenil (FNLIJ). Foi autor convidado na Feria del Libro de Buenos Aires (2006), no Salao do Livro de Río de Janeiro (2007), na Feria del Libro de La Habana (2008), na Feria Internacional del Libro de Guadalajara, México (2009) e no Berlin Litteratur Festival (2009), entre outros. Autor seleccionado por Twitter Italia para a creación dunha versión da obra *Peter Pan* en formato tweet difundida en toda Italia en coincidencia co festival *Favole in crescita* (2016).

Paralelamente, ten desenvolvido un intenso labor como xestor cultural, comisario de exposicións e congresos nacionais e internacionais, director de cursos de verán da Universidade de Santiago de Compostela, conferenciante e director de coleccións literarias.

Exerceu o xornalismo durante quince anos en distintos medios de Galicia.

GAÑADOR XI EDICIÓN PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL**Xosé A. Neira Cruz**

Santiago de Compostela, 1968.

Xornalista, escritor e profesor de Xornalismo no Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

OBRA**Novelas**

- *Ó outro lado do sumidoiro* (1989). Edicións Xerais de Galicia.
- *Valdemuller* (1998). Ediciones SM.
- *Os ollos do tangaleirón* (2000). Ediciones SM.
- *As cousas claras* (2000). Edicións Xerais de Galicia
- *O armiño dorme* (2003). Vigo: Editorial Galaxia.
- *Los libros de la almohada* (2008). Madrid: Anaya.
- *Violeta non é violeta* (2009). MacMillan.
- *Unha costura no tempo* (2010). Oxford University Press España.

Contos e libros de relatos

- *Melanio e os paxaros* (1990). Ediciones SM.
- *Os gatos de Venecia* (1993). Edelvives.
- *Así viviu Rosalía* (1996). Edicións Xerais de Galicia.
- *Así viviu Castelao* (1996). Edicións Xerais de Galicia.
- *Así viviu Paio Gómez Chariño* (1997). Edicións Xerais de Galicia.
- *Así viviu Ánxel Fole* (1997). Edicións Xerais de Galicia.
- *As porcas porquiñas* (1997). Everest.
- *O xenio do sultán* (1998). Xunta de Galicia.
- *Caramelos Martín Codax* (1998). Xunta de Galicia.
- *Rumbo á illa de San Simón* (1998). Xunta de Galicia.
- *Xograr Cangas e Asociados* (1998). Xunta de Galicia.
- *María está a pinta-lo mar* (1998). Xunta de Galicia
- *A memoria das árbores* (2000). Kalandraka.
- *A caixa do tesouro* (2001). Kalandraka.

- *O home máis rico do mundo* (2001). Kalandraka
- *Son adoptada, e que?* (2004). Galaxia
- *A viaxe a Compostela de Renato Ratoní, rato de compañía de Cosme III de Médicis* Xunta de Galicia
- *Mambrú, cocinero de perfumes* (2005). Oxford University Press
- *Gatos e leóns* (2006). Planeta&Oxford
- *Unha chea de familias* (2008). Editorial Galaxia
- *O prodixio dos zapatos de cristal* (2008). Editorial Galaxia
- *O debut de Martino Porconi* (2008). Editorial Galaxia.
- *Un bico de amor e vida* (2009). Editorial Galaxia.
- *Jan estivo alí* (2010). Editorial Galaxia
- *medo de Mo* (2010). MacMillan

Teatro

- *A noite da raíña Berenguela* (2005). Planeta&Oxford
- *Sopa de xarope de amora* (2009). Edicións Xerais de Galicia.
- *punto da escarola* (2009). Baía Edicións.
- *Pedra sobre pedra* (2011). Baía Edicións.

Poesía

- *De esparto e seda* (2007). Espiral Maior.

PREMIOS

- Premio Merlín
 - 1988 *O outro lado do sumidoiro*
 - 2000 *As cousas claras*
- Premio Barco de Vapor
 - 1997 *Valdemuller*
 - 1999 *Os ollos do Tangaleirón*
- Premio Raíña Lupa da Deputación da Coruña
 - 2002 *O armiño dorme*
- Premio Lazarillo da Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI)
 - 2004 *A noite da raíña Berenguela*

- Premio Barriga Verde da Axencia Galega deas Industrias Culturais AGADIC
 - 2008 *O punto da escarola*
 - 2010 *Pedra sobre pedra.*
- Premio Manuel María de teatro da Axencia Galega deas Industrias Culturais AGADIC
 - 2009 *Sopa de xarope de amora*
- Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño de poesía do Concello de Sarria
 - 2007 *De esparto e seda*
- White Ravens da Internationale Jugendbibliothek de Munich
 - 2005 *O armiño dorme*
 - 2009 *O prodixio dos zapatos de cristal*
- Lista de Honra do IBBY (International Board on Books for Young People)
 - 2006 *O armiño dorme*
- Premio ao mellor libro estranxeiro publicado no Brasil da Fundacao Nacional do Livro Infantil e Juvenil (FNLIJ)
 - 2008 *O arminho dorme*
- Mención na Lista “Los mejores” do Banco del Libro de Venezuela
 - 2006 *O armiño dorme*

ENTREVISTA

- **Que significa para ti gañar o Repsol?**

Un paso adiante na miña traxectoria literaria e a honra de poder incorporar a miña obra á historia dun galardón de prestixio consolidado.

- **En canto á obra, como a definirías e que é o que a fai especial?**

Sempre é difícil para o autor dun libro definilo e, especialmente, valoralo. O xurado do Premio Repsol resolveu que era merecente desta distinción e agora tocaralles aos lectores considerar a calidade dunha historia que tenta tender pontes entre a literatura de transmisión oral e as estruturas narrativas actuais, reivindicando o poder inspirador e a forza literaria dun espazo que amo especialmente, a Costa da Morte.

- **Como ves o panorama da literatura galega actual?**

A factoría das ideas e da creación literaria foi sempre unha das puntas de lanza do patrimonio galego. Ségueno a ser, con altos e baixos, con luces e sombras, con talento e aínda escasa proxección fóra das nosas fronteiras culturais, con unha boa presa de moi bos escritores e necesidade de superar autorreferencialidades e cainismos destrutivos e estériles.

- **Que é o que máis lle gusta da Narrativa Breve?**

A capacidade de condensar unha historia nunha extensión pautada pode resultar un exercicio interesante e aleccionador para un escritor.

- **Que consello darías a aquelas persoas que queiran presentarse a un concurso literario?**

Non adoito dar consellos, non me sinto quen de facelo. Creo que os premios son unha canle para testar a calidade dunha obra, e para garantirlle unha certa visibilidade de partida á obra gañadora. En todo caso, hai que relativizar a súa importancia e non renunciar á visión e alento literario que un ten e persegue con independencia das modas ou tendencias do mercado.